

INFORME XP-25-004 SOBRE PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO DE INDUSTRIA DE MANIPULACIÓN E ENVASADO DE PESCADO NO PARQUE EMPRESARIAL DE RIANXO

Mediante escritos de 05.06.2025 e 15.07.2025, a Subdirección xeral de Proxectos da Consellería de Economía e Industria solicita o informe previsto no artigo 80.5 do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial*, en relación ao *Proxecto Industrial Estratéxico (PIE 07) "Stolt Sea Farm S.A."* para unha planta de manipulación e envasado de peixe.

En cumprimento do previsto no dito artigo 80.5 do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro*, en relación cos artigos 2 e 8 do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, corresponde elevar o "*Proxecto Industrial Estratéxico (PIE 07) Stolt Sea Farm*" para informe do dito órgano consultivo, con carácter previo á súa aprobación polo Consello da Xunta.

Unha vez analizada a documentación achegada, e vista a proposta subscrita pola Subdirección Xeral de Urbanismo e a Subdirección Xeral de Apoio Xurídico e Xestión Económica, resulta:

1. ANTECEDENTES

1.1. Mediante Acordo do 11.01.2024 o Consello da Xunta de Galicia declarou o proxecto de planta de manipulación e envasado de peixe como Proxecto Industrial Estratéxico (PIE), cos efectos previstos no artigo 79.4 do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro*. Nese procedemento, a Dirección xeral de Urbanismo emitiu informe o 29.12.2023 sobre a compatibilidade do proxecto coas determinacións dos instrumentos de ordenación do territorio, ao abeiro do previsto no artigo 79 do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro*.

1.2. De conformidade co artigo 80.1 do citado decreto lexislativo, logo da declaración do proxecto industrial estratéxico, o 12.01.2024 a Subdirección Xeral de Proxectos da Secretaría Xeral de Industria requiriu ao promotor a presentación de toda a documentación esixida pola normativa aplicable, en virtude das esixencias legais derivadas da instalación e das infraestruturas proxectadas e, en particular, para efectos do previsto no artigo 27 da *Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia*. O 29.02.2024 e 06.03.2024 o promotor achegou a documentación completa.

1.3. De acordo co artigo 80.3 do citado texto refundido, publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 59, do 22 de marzo de 2024) o Anuncio do 15.03.2024 da Secretaría Xeral de Industria, polo que se someteu a información pública o proxecto. A documentación técnica antes sinalada estivo dispoñible no Portal de Transparencia da Consellería de Economía, Industria e Innovación (actual Consellería de Economía e Industria) para a súa consulta pública polo tempo legalmente establecido.

Durante ese prazo non se presentaron alegacións, segundo o certificado do resultado da información pública da Subdirección Xeral de Proxectos da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético do 19.05.2025.

1.4. O 19.03.2024 solicitouse á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade informe previo á tramitación ambiental do proxecto. Con data 22.03.2024 o Servizo de Avaliación



Ambiental de Proxectos remite a contestación á solicitude de informe na que sinalan que o proxecto está sometido a unha avaliación de impacto ambiental simplificada.

1.5. O 23.03.2024 solicitouse informe ao Concello de Rianxo, que foi emitido o 13.12.2024 no que conclúe que o proxecto é desconforme co planeamento vixente.

1.6. O 19.04.2024 a Subdirección Xeral de Proxectos remitiu á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade a solicitude de inicio do procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada, xunto coa documentación asociada presentada polo promotor. Logo de varios requirimentos relativos á documentación ambiental achegada, o 27.09.2024 o órgano ambiental notifícalle ao órgano substantivo o inicio do período das consultas que establece o artigo 46 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Segundo consta na documentación achegada, os organismos consultados en relación ao documento ambiental foron os seguintes:

1. Augas de Galicia:

- 1.1. Solicitude de informes a Augas de Galicia do 27.09.2024 e do 30.10.2024.
- 1.2. Informe de Augas de Galicia do 20.11.2024.

2. DX Emerxencias e Interior:

- 2.1. Solicitude de informe da DX de Emerxencias e Interior do 27.09.2024.
- 2.2. Informe da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior do 10.10.2024.

3. DX Patrimonio Cultural:

- 3.1. Solicitude de informe da D.X. do Patrimonio Cultural do 27.09.2024 e do 30.10.2024
- 3.2. Informe remitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 31.10.2024.

4. DX Patrimonio Natural:

- 4.1. Solicitude de informe da D.X. Patrimonio Natural do 27.09.2024 e do 30.10.2024
- 4.2. Informe remitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural o 22.11.2024.

5. DX Saúde Pública:

- 5.1. Solicitude de informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 27.09.2024 e do 30.10.2024. Nova petición de informe tras subsanación de documentación do promotor o 3/12/24
- 5.2. Informe remitido pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 06.11.2024 e o 19.12.2024.

6. Instituto Estudos Territorio:

- 6.1. Solicitude de informe do Instituto de Estudos do Territorio do 27.09.2024.
- 6.2. Informe remitido polo Instituto de Estudos do Territorio o 29.10.2024.

7. SX Meteoroloxía e Cambio Climático:

- 7.1. Solicitude de informe a S.X. M. e CC do 27.09.2024.
- 7.2. Informe remitido pola S.X. Meteoroloxía e CC do 15.10.2024.

8. Concello de Rianxo:

- 8.1. Solicitude de informe o 27.09.2024 e do 30.10.2024
- 8.2. Informe remitido o 15.11.2024.

9. Servizo de Prevención e Control Integrados da contaminación:

- 9.1. Solicitude de informe o 27.09.2024.
- 9.2. Informe remitido o 04.10.2024



10. Subdirección Xeral de Resíduos e economía circular:

9.1. Solicitud de informe o 27.09.2024.

9.2. Informe remitido o 09.10.2024

11. Federación Ecoloxista de Galicia:

11.1. Solicitud de informe a FEG do 27.09.2024.

11.2. Sen resposta.

12. Sociedade Galega de Historia Natural:

12.1. Solicitud de informe a SGHN do 27.09.2024.

12.2. Sen resposta.

1.7. O documento ambiental estivo tamén dispoñible para o público en xeral na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático do 27.09.24 ó 29.10.24. Non consta a recepción de ningún escrito ou alegación ao respecto.

1.8. Mediante resolución do 22.01.2025 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, formulou o Informe de Impacto Ambiental do proxecto de planta de manipulación e envasado de peixe no parque empresarial de Rianxo (A Coruña), promovido por Stolt Sea Farm, concluíndo que non son previsibles efectos adversos significativos sobre o medio ambiente e, polo tanto, non se considera necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria. (DOG 24 do 05/02/2025).

1.9. Para continuar co procedemento de aprobación do proxecto previsto no artigo 80 do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro*, o 07.05.2025 o promotor achegou a documentación definitiva para a dita aprobación.

1.10. O 05.06.2025 a Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético remite solicitude de informe á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo ao abeiro do previsto no artigo 80.5 do Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, achegando expediente do proxecto e informe de tramitación.

1.11. Con posterioridade a dita solicitude, advértense modificacións entre o proxecto inicialmente sometido a información pública e a tramitación ambiental e o proxecto de execución presentado para informe do dito órgano consultivo, polo que se require ao promotor para que relacione as modificacións efectuadas e xustifique a súa procedencia. O promotor atende o requirimento o 10.07.2025.

Segundo o informe da Secretaría xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, examinada a xustificación presentada polo promotor, compróbase que os cambios operados non supoñen unha modificación relevante a nivel industrial, sendo axustes de pequena entidade motivados fundamentalmente pola busca dunha maior eficiencia no proceso industrial e na loxística asociada ao mesmo, e remite a dita documentación á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade para que valore a incidencia ambiental das modificacións do proxecto.

1.12. O 14.07.2025 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade indica as modificacións propostas polo promotor non constitúen posibles afeccións ambientais diferentes ás xa valoradas durante o procedemento de avaliación ambiental ao que foi sometido o proxecto, polo que se considera que non é necesaria unha nova tramitación de avaliación de impacto ambiental, debendo en todo caso cumprir co recollido na documentación ambiental achegada e no IIA e adaptando o programa de vixilancia ambiental, no que proceda, aos cambios



previstos no proxecto, sen prexuízo doutras adaptacións e/ou actualizacións que poidan resultar necesarias, incluíndo as medidas protectoras e correctoras a adoptar.

1.13. Segundo consta no informe da Subdirección xeral de Proxectos da Consellería de Economía e Industria do 15.07.2025, a tramitación do expediente como proxecto industrial estratéxico realizouse conforme ao establecido nos artigos 78, 79 e 80 do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

2. OBXECTO DO PROXECTO

2.1. O obxecto do proxecto é a instalación e explotación dunha planta para o procesado, envasado e despacho para a venda da produción de peixe plano (linguado e rodaballo) procedente das granxas acuícolas que a empresa promotora Stolt Sea Farm S.A. dispón en Galicia e Portugal, para responder á demanda de novos formatos de comercialización e transformar a empresa dun produtor primario a unha empresa de alimentación integrada.

Terá unha capacidade media de ata 68,80 T/día (16.505 T/ano) nun horizonte de 10 anos, cunha capacidade intermedia para o ano 5 de 54,40 T/día (13.047 T/ano). Nestas instalacións e coa finalidade de incrementar o valor engadido do peixe a comercializar levaranse a cabo procesos de fileteado, procesado, recuperación e aproveitamento da carne das espiñas resultantes, etc.

2.2. As instalacións proxectadas localízanse no Parque empresarial de Rianxo, no termo municipal de Rianxo (A Coruña), sobre as parcelas propiedade da empresa promotora P-37, P-38, P-46 e P-47, lindeiras e que constituirán unha parcela agrupada, e a parcela P-45.

Deste xeito, executarase un complexo industrial composto por unha edificación de 2 plantas destinada a industria de procesado e envasado de peixe plano procedente de acuicultura terrestre sostible, construíndose un total de 21.240,87 m².

Conxuntamente, executarase a obra civil precisa para dar servizo ás instalacións.





Situación e emprazamento

3. ORZAMENTO

O orzamento total do proxecto ascende a 44.816.488,17 €, desagregado segundo aparece na seguinte táboa:

TÍTULOS	OBRA CIVIL	INSTALACIONES	MAQUINARIA DE PROCESO	INVERSIÓN
1 - CIVIL WORKS				18.628.195,54 €
1.1 - EARTHWORKS	3.773.494,70 €	0,00 €	0,00 €	3.773.494,70 €
1.2 - URBANISATION	1.214.243,61 €	0,00 €	0,00 €	1.214.243,61 €
1.3 - FOUNDATIONS	3.700.906,39 €	0,00 €	0,00 €	3.700.906,39 €
1.4 - UNDERGROUND SERVICES	256.688,80 €	0,00 €	0,00 €	256.688,80 €
1.5 - STRUCTURES AND CLADDINGS	4.218.395,14 €	0,00 €	0,00 €	4.218.395,14 €
1.6 - ENCLOSURES, PARTITIONS, AND FINISHES	5.135.647,24 €	0,00 €	0,00 €	5.135.647,24 €
1.7 - INSTALLATIONS CIVIL WORKS ASSISTANCE	328.819,67 €	0,00 €	0,00 €	328.819,67 €
2 - INSTALLATIONS & MAIN EQUIPMENT				8.220.491,88 €
2.1 - ELECTRICITY & AUTOMATION & FIRE FIGHTING	0,00 €	4.277.119,09 €	0,00 €	4.277.119,09 €
2.2 - WATER SUPPLY AND DRAINAGE	0,00 €	797.794,74 €	0,00 €	797.794,74 €
2.3 - HVAC & THERMAL	0,00 €	2.499.381,27 €	0,00 €	2.499.381,27 €
2.4 - WATER TREATMENT	0,00 €	391.749,97 €	0,00 €	391.749,97 €
2.5 - OTHER INSTALLATIONS	0,00 €	254.446,82 €	0,00 €	254.446,82 €
TOTAL PRESUPUESTO EJECUCIÓN MATERIAL (INCLUIDO EN BASE IMPONIBLE APLICACIÓN ICIO)	18.628.195,54 €	8.220.491,88 €	0,00 €	26.848.687,42 €
1.8 - QUALITY CONTROL	365.987,52 €	0,00 €	0,00 €	365.987,52 €
1.9 - HEALTH AND SAFETY	381.300,55 €	0,00 €	0,00 €	381.300,55 €
1.10 - CONSTRUCTION WASTE MANAGEMENT	851.493,56 €	0,00 €	0,00 €	851.493,56 €
2.6 - PROCESSING MACHINERY	0,00 €	0,00 €	9.213.445,38 €	9.213.445,38 €
TOTAL PRESUPUESTO EJECUCIÓN MATERIAL (NO INCLUIDO EN BASE IMPONIBLE APLICACIÓN ICIO)	20.226.977,17 €	8.220.491,88 €	9.213.445,38 €	37.660.914,43 €
GASTOS GENERALES (13%)				4.895.918,88 €
BENEFICIO INDUSTRIAL (6%)				2.259.654,87 €
SUMA DE GASTOS GENERALES + Bº INDUSTRIAL				7.155.573,74 €
TOTAL PRESUPUESTO EJECUCIÓN CONTRATA				44.816.488,17 €



4. PLANEAMENTO URBANÍSTICO

4.1. O planeamento vixente no concello de Rianxo son as Normas subsidiarias municipais de planeamento (NSMP) aprobadas definitivamente o 11.07.1985, nas que os terreos afectados estaban incluídos nun ámbito de solo apto para urbanizar de uso industrial, regulado a través do Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Parque empresarial de Rianxo aprobado definitivamente o 22.11.2007, no que ás parcelas 45, 46 e 47 correspóndelles a ordenanza 2 (industria) e ás parcelas 37 e 38 a ordenanza 1 (servizos) no seu grao 3º, de uso terciario.

4.2. O proxecto industrial localízase nesas cinco parcelas (nº 37, 38, 45, 46 e 47) cun total de 38.293 m2, que xa dispoñen de todos os servizos necesarios para abastecer os requirimentos da planta e a súa ampliación prevista. As parcelas 37, 38, 46 e 47, estremeiras, agruparanse nunha única parcela de 28.326 m2; mentres que a 45, de 9.967 m2, que se mantén independente, se utiliza para ubicar a depuradora.

Sobre a parcela resultante da agrupación prevese unha edificación destinada ao proceso produtivo, de 21.240,87 m2 construídos.

A parcela principal, con forma irregular, conta cos seguintes lindeiros:

- Nordeste: zona verde do polígono, que linda con parcela de uso agrario non pertencentes ao Parque Empresarial.
- Sureste: parcela medianeira P-39 do Parque Empresarial, sen edificar.
- Suroeste: vial principal do Parque Empresarial.
- Noroeste: vial secundario do Parque Empresarial que conecta coa rúa Aldea Vilanustre.

A parcela 45, ao noroeste da parcela principal, con forma trapezoidal, linda con:

- Norte: zona verde do Parque Empresarial.
- Sureste: vial secundario do Parque Empresarial que conecta con rúa Aldea Vilanustre.
- Suroeste: parcela 44 do Parque Empresarial, sen edificar.

Todas as parcelas dispoñen dos seguintes servizos:

- Enerxía eléctrica en media tensión e baixa tensión (instalarase centro de transformación).
- Abastecemento de auga.
- Saneamento con redes separativas para augas pluviais e augas residuais. (Se construírá depuradora para cumprir cos requisitos esixidos pola normativa vixente).
- Telecomunicacións (voz e datos)
- Acceso rodado pavimentado e
- Recollida de residuos.

Propóñense tres accesos de vehículos de carga á parcela principal, existindo:

- Acceso principal para carga e descarga desde vial oeste á plataforma baixa.
- Acceso principal para descarga desde vial sur á plataforma alta.
- Acceso auxiliar para material de envasado, gases, mantemento, etc. desde vial sur á plataforma alta.

O aparcamento de vehículos lixeiros de persoal e visitas, incluíndo prazas para autobuses, prazas accesibles e prazas para carga de vehículos eléctricos propónse na parcela principal.



A parcela 45 albergará as instalacións de tratamento de augas residuais antes do seu verquido á rede.

Urbanización exterior: O aparcamento e os seus viais executaranse sobre unha base preparada en función do tráfico de cada zona, estando a mesma formada por materiais granulares debidamente compactados. Sobre ela dispórase a mestura bituminosa que actúa como capa de rodadura. É posible que, nalgunha zona singular, a mestura bituminosa sexa substituída por unha lousa de formigón armado. Para as zonas destinadas a xardinería, incorporárase o solo de características necesarias para o crecemento de especies vexetais.

Todo o perímetro das parcelas quedará delimitado por un peche a base de murete de formigón armado e malla metálica sobre o mesmo. Nalgún caso, optarase por peche de malla trenzada de simple torsión, recollida no terreo con dados de formigón en masa.

Todos os elementos propios da instalación de proceso tales como depósitos, bancadas de maquinaria, etc... apoiaranse no terreo mediante cimentación directa ou mediante o uso de pozos de cimentación que transmitan as cargas ata un substrato competente.



Áreas do edificio produtivo que se constrúe:

O edificio organízase en catro niveis que, en sentido ascendente, denomínanse:

- Pranta Proceso, que inclúe a zona de proceso e o a zona de servizos industriais (12.524,95 m2).



- Pranta Pasarela, que inclúe a escaleira de acceso, a escaleira VAP, a pasarela e a plataforma UTAS (1.482,85 m²).
- Pranta Plataforma Alta, que inclúe o PCI e a plataforma alta (7.183,97 m²)
- Pranta Cuberta: que inclúe un casetón de 49,11 m².

Cadro de superficies e edificabilidade por zonas segundo o proxecto técnico:

EDIFICABILIDAD			
NOMBRE	ÁREA	COMPUTABILIDAD	ÁREA COMPUTABLE
CASETON CUBIERTA	49,11 m ²	100%	49,11 m ²
ESCALERA P01 ACCESO	26,50 m ²	100%	26,50 m ²
ESCALERA P01 VAP	23,76 m ²	100%	23,76 m ²
PASARELA	1204,24 m ²	100%	1204,24 m ²
PCI	68,64 m ²	100%	68,64 m ²
PLATAFORMA ALTA	7115,33 m ²	100%	7115,33 m ²
PLATAFORMA UTAS	228,35 m ²	100%	228,35 m ²
PROCESO	11973,97 m ²	100%	11973,97 m ²
SERVICIOS INDUSTRIALES	550,98 m ²	100%	550,98 m ²
	21240,87 m²		21240,87 m²

Cadro de Superficies e edificabilidade por parcelas segundo o proxecto técnico:

CUMPLIMIENTO DE LA NORMATIVA URBANÍSTICA DEL PLAN PARCIAL DEL PARQUE EMPRESARIAL DE RIANXO (A CORUÑA)			
CONDICIONANTE	NORMATIVA URBANISTICA	PROYECTO	CUMPLE
GRADO	3º	3º	SI
Parcela mínima	1.500 m ²	P37+P38+P46+P47 = 28.326 m ² P45 = 9.966,72 m ²	SI
Edificabilidad	P37+P38+P46+P47 = 26.409,70 m ² P-45 = 8.372,04 m ² SUPERFICIE TOTAL = 34.781,74 m ²	21.260,16 m ²	SI
Posición edificación	5,00 m	a>5,00 m	SI
A viales			
A fondo de parcela 10m	10,00 m	a>10,00 m	SI
A Medianeras	4,00 m	a>4,00 m	SI
Ocupación máxima	Menor a 18.996,60 m ² Menor a 6.478,55 m ² Menor a 25.475,15 m ²	12.630,22 m ²	SI
Altura de la edificación	10,00 m	< 10,00 m	SI
Nº de plantas	2	2	SI
Uso	Industrial	Industrial	SI
Aparcamiento	1 Plaza cada 133 m ² construidos = 159	159 plazas	SI



4.3. Entre os Anexos da memoria do proxecto de execución inclúese un apartado específico de xustificación do cumprimento da normativa urbanística (*G2156C_01_001_00 - Cumprimento de normas urbanísticas*). Aínda que no mesmo se fai mención ao Plan Parcial do Parque Empresarial de Rianxo, tal referencia debe entenderse feita ao Proxecto Sectorial de incidencia supramunicipal (PSIS) do Parque empresarial de Rianxo aprobado definitivamente o 22.11.2007, analizándose o encaixe das actuacións ao mesmo no apartado 5.4 deste informe.

4.4. Asemade e, con respecto á normativa sectorial industrial, o proxecto informado favorablemente pola Consellería de Economía e Industria para a súa remisión á Xunta Consultiva en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo contén anexos á memoria relativos ao cumprimento das condicións esixibles de seguridade, salubridade, accesibilidade, protección contra o ruído, protección contra incendios, cálculos estruturais, abastecemento, aire comprimido, enerxía eléctrica, depuración, instalacións, etc.

5. COMPATIBILIDADE COAS DETERMINACIÓNS DAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E OUTROS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN TERRITORIAL

5.1. No ámbito territorial de implantación deste proxecto industrial estratéxico concorren, ademais das Directrices de ordenación do territorio de Galicia (DOT) aprobadas polo Decreto 19/2011, do 10 de febreiro (DOG do 22.02.2011), o Plan territorial integrado de ordenación do litoral de Galicia (POL) aprobado polo Decreto 20/2011, do 10 de febreiro (DOG de 23/02/2011) e o citado Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (PSIS) do Parque empresarial de Rianxo, aprobado definitivamente o 22.11.2007 (DOG do 25/01/2008) delimitado, á súa vez, no Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais de Galicia (PSOAG) aprobado definitivamente o 27.05.2004 (DOG do 13.07.2004).

Unha vez executada a urbanización prevista no proxecto sectorial, o ámbito foi recollido no PSOAG do 30.04.2014 como área en funcionamento.

5.2. No que atinxe ás DOT, Rianxo forma parte do sistema urbano intermedio dos asentamentos de Galicia. O sistema urbano intermedio (*subcabecera para o caso de Rianxo*) constitúe unha referencia territorial para prever o despoboamento e a agudización dos desequilibrios territoriais. As determinacións das DOT para este tipo asentamentos, nos que a implantación de actuacións de carácter supramunicipal enténdese axeitada, resultan compatibles coa implantación industrial proposta (determinación orientativa 3.2.1).

Por outra parte, a implantación de actividades industriais nun espazo xa urbanizado, como é o caso do parque empresarial de Rianxo, enténdese aliñado cos criterios das DOT para a prevención dos seus posibles efectos sobre o medio fronte á súa corrección, mitigación ou compensación, tal e como se recolle na súa determinación orientativa 3.2.6.

Por conseguinte, non se atopan obxeccións, dende o punto de vista da adecuación ás DOT, para levar a cabo a actuación proposta.

5.3. No relativo ao POL, os terreos afectados figuran grafados na cartografía de xestión, como fóra do seu ámbito de aplicación, en base ao disposto no artigo 3 da súa normativa, por ter a consideración de solo urbano consolidado, unha vez executada a urbanización prevista no proxecto sectorial, polo que non se formulan observacións ao respecto da súa adecuación.



5.4. En canto á adecuación ao PSIS do Parque empresarial de Rianxo, no PIE faise unha xustificación da edificabilidade, así como do resto de parámetros das ordenanzas de aplicación, correspondente á parcela resultante da agrupación das parcelas 37, 38, 46 e 47 (21.260,16 m²) que resulta inferior aos 26.409,70 m² admisibles para estas parcelas, mentres que na parcela 45 unicamente se prevé a implantación da estación depuradora.

Porén, ás parcelas 46 e 47 (incluídas na ordenanza 2 de uso industrial) agrúpanse coas 37 e 38 (con ordenanza 1 "empresarial-servizos").

A ordenanza 1 ten un uso terciario, na que unicamente se considera compatible o uso industrial nas categorías 1ª, 2ª e 3ª das definidas na normativa do PSIS, excluindo a categoría 4ª ("industrias que, polo seus efectos secundarios, precisan dunha localización exclusiva, en polígonos delimitados ao efecto") na que se encadra a actividade industrial a implantar, que non resultaría compatible con esta regulación.

Asemade, segundo se indica no informe municipal de decembro de 2024, o proxecto non cumpre cos recuamentos mínimo fixados pola ordenanza 2, nin os sinalados entre ordenanzas. Tamén incúmptense o parámetro de altura máxima da edificación.

5.5. Consta informe de data 22.07.2025 da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial no que non se formulan obxeccións á implantación proposta.

6. CONCLUSIÓN

En atención ao exposto e á vista do informe favorable da Consellería de Economía e Industria do 15.07.2025, en cumprimento do previsto no artigo 80.5 do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial*, e de conformidade co informe-proposta da Subdirección Xeral de Urbanismo e da Subdirección Xeral de Apoio Xurídico e Xestión Económica, infórmase favorablemente polo Pleno da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo o "*Proxecto Industrial Estratéxico (PIE 07) Stolt Sea Farm*".

